

“PORTAS ÁRTABRAS”

Este é o nome do **espazo de cultura** de *Amigos dos Museos de Galicia*, situado na rúa de Sinagoga 22, nunha casa da autoría do arquitecto Antonio López Hernández, o modernista autor de “A Terraza” de Sada. O coitado traballo de carpintería faise sobranceiro nas portas exteriores e interiores, as que suxeriron o nome de “*Portas Ártabras*”. Lembramos así tamén o antigo nome da área xeográfica prerromana coruñesa, a dos *ártabros*. Edificio a carón da ábsida da *Colexiata de Santa María do Campo* ou dos *Mareantes*, co camarín da *Virxe da Estrela*, venerada imaxe, orientadora dos nautas coruñeses. “*Portas Ártabras* é punto de encontro, de información das actividades, así como de asesoramento de canto ten que ver co patrimonio cultural e co turismo: conferencias, cursiños e exposicións, animan este espazo que conta cunha biblioteca especializada en viaxes.

¿QUÉ É UN MUSEO?

O concepto de museo é cambiante, sometido a modas e técnicas museolóxicas. Se ben hai algo que debe ser permanente: institución aberta ao público, sen espírito de lucro, que adquire, conserva, investiga e difunde aspectos materiais ou ideolóxicos do acontecer pasado ou presente, ou canto pode arrodear ao ser humano, con fins de estudo, educación, turismo ou simple lecer.

¿QUÉ SON AS ASOCIACIÓNS DE AMIGOS DOS MUSEOS?

“...están formadas por membros do gran público, sen fins lucrativos, e organízanse para a promoción e desenvolvemento do museo como institución ó servizo da sociedade” (*I Congreso Internacional das As. de Amigos dos Museos, Barcelona 1972*). A sensibilización co patrimonio cultural de Galiza é o punto de partida para “*Amigos dos Museos de Galicia*”.

PARA CONTACTAR CON AMIGOS DOS MUSEOS DE GALICIA

En “*Portas Ártabras*”, Sinagoga 22

Trala ábsida da Colexiata de Santa María, Cidade Vella

A Coruña 15001

Horario de 7 a 9 do serán, diariamente; sábados de 12 a 14 horas.

[T] 981 21 01 01

E-mail: correo@amigosemuseosgalicia.org

www.amigosemuseosgalicia.org

XANEIRO

- * Suxestións pro novo programa 2012
- * Prosigue a actividade diaria en “Portas Ártabras”
- * **27 venres:** presentación do Programa 2012 de actividades e xeiras

FEBREIRO

- * **5 domingo (Saída normal 9 hrs.):** tradicional “Xeira da Aventura”. Actividade sorpresa, lúdica, cultural que leva ós asistentes a lugares non especificados previamente pero con fondo valor histórico e cultural.
- * **19 domingo (saída especial 8,45):** tradicional xeira antolóxica de Entroido. As máscaras e os ritos do sempre sorprendente “Triangulo Máxico Ourenán”: Viana do Bolo, Laza, Xinzo de Limia...

MARZO

- * **4 domingo:** xeira a Compostela a fin de coñecer algunha das novas iniciativas culturais e outras insólitas...
- * **18 domingo:** viaxe por terras do Ulla e do Deza: Caamanzo, Carboeiro, Breixa, Ansemil... Lalín e a carballeira de Catasós.
- * **22 xoves:** asemblea anual de socios de *Amigos Museos Galicia*

ABRIL

- * **8 domingo de Pascua:** xeira polo Val Miñor, de Baiona ó Tegra e Tui....
- * **18 mércores:** celebración “Día Internacional dos Monumentos e os Sitios”
- * **22 domingo:** xeira especial a Bares, Viveiro e Sargadelos, a Historia dunha industria da Ilustración e contemporánea.

XANEIRO							FEBREIRO							MARZO							ABRIL								
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D		
						1			1	2	3	4	5				1	2	3	4			2	3	4	5	6	7	8
2	3	4	5	6	7	8	6	7	8	9	10	11	12	5	6	7	8	9	10	11	2	3	4	5	6	7	8		
9	10	11	12	13	14	15	13	14	15	16	17	18	19	12	13	14	15	16	17	18	9	10	11	12	13	14	15		
16	17	18	19	20	21	22	20	21	22	23	24	25	26	19	20	21	22	23	24	25	16	17	18	19	20	21	22		
²³ ₃₀	²⁴ ₃₁	25	26	27	28	29	27	28	29	26	27	28	29	30	31	²³ ₃₀	24	25	26	27	28	29							



Praia Catedrais. Barreiro (Lugo)

MAIO

- * **6 domingo:** xeira especial por terras galegas do Condado e as Minhotas de Monçao, Melgaço, e santuario da Peneda...
- * **18 venres:** celebración do “*Día Internacional dos Museos*”. Darase a coñecer o Premio Pedra do Destino 2012 á salvagarda do patrimonio cultural galego
- * **19-20 fin de semana:** Xeira especial a Astorga e León, seus monumentos, seus museos, súa gastronomía.



S. Andrés de Teixido (Coruña)

XUÑO

- * **10 domingo:** xeira especial a terras do Minho portugués e Viana do Castelo... Historia, Arte....
- * **Segunda quincena:** “Viaxe de Cine” polo Oeste de EE.UU, a fin de coñecer paisaxes do Gran Cañón, Holliwood, Los Ángeles... Ver detalles e particularidades deste intenso programa, que ademais inclúe atractivas cidades e enclaves.

XULLO

- * **8 domingo (Saída ás 8’30):** xeira ás illas de Ons e ría de Pontevedra
- * **22 domingo:** xeira a Ancares, Piornedo e terras de Cervantes.....

AGOSTO

- * **5 domingo:** xeira a terras asturianas de Grandas de Salime.
- * **26 domingo:** tradicional xeira ao Courel, lembrando a Novoneyra.


MAIO							XUNIO							XULLO							AGOSTO										
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D				
						1						1	2	3							1						1	2	3	4	5
7	8	9	10	11	12	13	4	5	6	7	8	9	10	2	3	4	5	6	7	8	6	7	8	9	10	11	12				
14	15	16	17	18	19	20	11	12	13	14	15	16	17	9	10	11	12	13	14	15	13	14	15	16	17	18	19				
21	22	23	24	25	26	27	18	19	20	21	22	23	24	16	17	18	19	20	21	22	20	21	22	23	24	25	26				
28	29	30	31	25	26	27	28	29	30	²³ ₃₀	²⁴ ₃₁	25	26	27	28	29	27	28	29	30	31										

SETEMBRO

- * **9 domingo:** xeira por Terras ourensás do Bolo, As Ermidas...e a Veiga....
- * **23 domingo:** o Ribeiro de Avia. Dende Pazos de Arenteiro a Ribadavia e Pena Corneira.

OUTUBRO

- * **Primeira quincena:** *Viaxe antolóxico á Grecia Clásica, máis o monte Athos, Santorini... Ver programa específico. lugares, monumentos, illas....*
- * **28 domingo:** xeira especial ás Medulas, a fin de afondar en aspectos arqueolóxicos sobre a explotación aurífera na antigüidade....
- * Cursiño “**Como se visita un Museo**”



Boteiros Entroido. Viana do Bolo (Ourense)

NOVEMBRO

- * **11 domingo:** xeira de Magostos a Ourense, seus monumentos e o seu entorno. Oseira
- * **25 domingo:** Xeira insólita pola “Costa da Morte”. Os enigmas de Fisterra.

DECEMBRO

- * **6 - 7 - 8 - 9:** Viaxe especial para coñecer detidamente Sevilla e o seu entorno.
- * **21 venres:** Festa do Fin de Ano en “*Portas Ártabras*”.

VIAXES LONGAS PREVISTAS PARA O 2013:

- * **Xuño:** Centroeuropa, Alemaña, Rhin...
- * **Outubro:** Antolóxica de Chile, en especial Atacama e Illa de Pascua.
- * **Entre outras xeiras menores :** Granada, a Maragatería...

SETEMBRO							OUTUBRO							NOVEMBRO							DECEMBRO										
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D				
						1							1	2							1	2	3	4						1	2
3	4	5	6	7	8	9	8	9	10	11	12	13	14	5	6	7	8	9	10	11	3	4	5	6	7	8	9				
10	11	12	13	14	15	16	15	16	17	18	19	20	21	12	13	14	15	16	17	18	10	11	12	13	14	15	16				
17	18	19	20	21	22	23	22	23	24	25	26	27	28	19	20	21	22	23	24	25	17	18	19	20	21	22	23				
24	25	26	27	28	29	30	29	30	31	26	27	28	29	30	26	27	28	29	30	²³ ₃₀	²⁴ ₃₁	25	26	27	28	29	30				

COÑECER, QUERER E DEFENDER O PATRIMONIO CULTURAL

Insistimos en que este é un programa inacabado. Da propia dinámica improvisaranse e nacerán outras actividades. As “*Portas Ártabras*” están abertas para informar.

“COÑECER GALICIA”

Viaxar de xeito colectivo é algo máis que aprender, é convivir, compartir o que os seres humanos fixemos e desfixemos ao longo da historia: arqueoloxía, arte, etnografía, paisaxe... Deste xeito, a institución do museo proxéctase máis alá do seu continente e das vitrinas ao verdadeiro escenario do acontecer cotián. Roteiros estudados para cada estación do ano, onde sempre haberá algo novo por sentir.

“COÑECE A TÚA CIDADE”

A cidade define aos seus habitantes, verdadeiro museo de actores, onde todo comunica a quen sensiblemente se achega a preguntarlle. Son xeiras explicadas polas propias rúas da cidade, as súas institucións, monumentos e empresas.

“COÑECE OS TEUS MUSEOS”

Hai algo máis que o continente dun museo e que o mesmo contido, formado por obras de arte, por artefactos, curiosidades e explicacións. A institución do museo é un xeito científico de conservar, documentar, estudar, divulgar ou sensibilizar, algo ao que achegarse, a fin de implicarse con canto significa e dignifica a cultura.

“LUNS DE CINE”

Proxeccións, de documentais, películas que introducen a diferentes aspectos da Historia, a Arte, a Etnografía....

“SEGUNDO XOVES DE MES”: SIMBOLISMO

O enxeñeiro e especialista en simboloxía medieval Xosé Luís García Dornelas, cada segundo xoves de mes, introduce á algún aspecto da variedade temática da linguaxe dos símbolos.

CICLO “CÓMO SE VISITA UN MUSEO”

Cursiño anual dirixido especialmente a pedagogos, estudantes de turismo, animadores culturais, co ánimo de iniciar sobre as posibilidades didácticas e limitacións que ofrece a institución do museo. Adentrándonos na forma de interpretar a cidade e o medio como un

museo activo que tanto define aos cidadáns de onte, como aos de hoxe. Repaso do estado da cuestión dos museos galegos.

TERTULIAS, CONFERENCIAS, CURSOS

Seminarios feitos de xeito teórico-práctico coa ansia de sensibilizar encol do valor cultural das creacións e os camiños da arte.

18 DE ABRIL “DÍA INTERNACIONAL DOS MONUMENTOS E DOS SITIOS”

Celebración da xornada para coñecer o estado da cuestión sobre o patrimonio cultural como escenario da “memoria colectiva” e como recurso.

18 DE MAIO “DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS”

Celebración especial dedicada a espallar a significación do museo na educación e na cultura. Xornada na que se da a coñecer o “PREMIO PEDRA DO DESTINO” á conservación e difusión do patrimonio cultural.

CONCURSO FOTOGRAFICO “OBXECTIVO DA MEMORIA”

O tema é o estado da cuestión do Patrimonio Cultural de Galiza.



Sta. Mª de Meira (Lugo)



Sánchez Bregua, 5-6 - 3º
15004 A Coruña
[T] 902 116 884 [F] 981 216 603

2012 ACTIVIDADES 2012



Beade (Ourense)



AMIGOS dos MUSEOS de GALICIA
PORTAS ÁRTABRAS

2012: CREATIVIDADE E CONSTANCIA FRONTE Á CRISE

Tes nas mans un programa con algunhas das actividades propostas por “*Amigos dos Museos de Galicia*”, entre moitas outras que se irán programando no mesmo acontecer do ano 2012. Tempo que ven marcado pola crise global e tamén pola esperanza de que os “*brotos verdes*” agromen de verdade. Como paradoxo a cultura que é recurso de distinción e futuro sofre recortes. Quizais por endomingala e non entendela como unha estratexia intelixente, feita por tradicións, por ideas e creacións, por investigacións e por as relacións para resolver os problemas que require cada espazo e cada tempo. Nesta situación moito agradece-mos a lealdade, a resistencia dos socios que dende os nosos inicios seguen a avivar esta iniciativa, así como ós máis novos que avalían tal traxectoria.

Galicia, proa dun vello continente reborda de Cultura. Pouco a pouco poténcianse novas iniciativas, novos recursos que incorporamos ó programa. Neste noso cabo do mundo conviven democraticamente, como en moi poucas partes a Prehistoria de dolmens, petróglifos, minas e castros, coa Historia do Imperio Romano, coa cristianización, co Románico, o Gótico, o Renacemento, o Barroco, o Neoclásico, o Modernismo ou unha posmodernidade sempre a producir ideas. E iso é o que tentamos ofrecer. Enxergar é aplicar os sentidos intelixentemente, chámase sentir, poñer sensibilidade... e nela está a base do Humanismo. Con semellantes receitas queremos seguir a facer comprensible canto nos arrodea.

Amigos dos Museos de Galicia, dende 1975 e dende o seu espazo de cultura “*Portas Ártabras*” na Coruña, convida a reivindicar a memoria e as ideas, isto é o museo dos actores, fronte ó dos espectadores, a tradición, a imaxinación, o estudo, as relacións, como o mellor e sabio antídoto fronte á crise.

Unha e outra vez repetimos novamente aquilo que xa é noso lema : abre as portas, sae, ven, entra na Historia, coñece para querer e defender o universal legado de Nós.